

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO C.E.I.P. SAN MARTIÑO DE SALCEDO
(PONTEVEDRA)

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º. 1. A asociación de nais e pais de alumnado do C.E.I.P. San Martiño de Salcedo (Pontevedra) ten a denominación "ANPA SAN MARTIÑO DE SALCEDO".

2. A asociación rexerase polos presentes Estatutos, a Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, e pola demais lexislación vixente existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable; así como polos principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico. [antigo artigo 4.2].

Artigo 2º. O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Salcedo (Pontevedra), rúa da Igrexa nº18, C.P. 36143, teléfono 886 151541.

As reunións da asociación celebraranse nos locais do Centro Escolar. O desenvolvemento das mesmas será en horario que non perturbe o desempeño das actividades docentes ou extraescolares do colexio.

Artigo 3º. A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do concello de Pontevedra.

Artigo 4º. A asociación está constituída por tempo indefinido, e só se disolverá conforme aos presentes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

CAPÍTULO II

FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5º. Son fins principais da asociación:

a) Asistir as pais e titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e tutelados.

b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do centro.

c) Promover a participación dos pais dos alumnos e alumnas na xestión do centro.

d) Asistir aos pais e nais do alumnado no control e xestión do centro de conformidade co establecido no artigo 27.7 da Constitución.

e) Participar na elección dos representantes das nais e pais nos Órganos Colexiados do Centro, e, non seu caso, Municipio, Provincia ou calquera outra instancia pública de ámbito territorial máis amplo, promovendo candidatos, velando pola pureza do proceso electoral e colaborando coa correcta realización das eleccións.

f) Estimular a participación dos pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.

g) Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros estamentos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno

h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todos os alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.

i) Demandar aos poderes públicos o cumprimento de leis, regulamentos e proxectos de actuación relativos á educación, solicitando a atención e axudas que esta merece.

l) Promover actividades formativas, culturais e de estudo en xeral; e, en particular, o idioma galego.

m) Promover accións de colaboración de pais con profesores e as boas relacións entre ambos co fin de colaborar na definición dunha adecuada estratexia didáctica e pedagóxica.

n) Velar para que o alumnado reciba unha educación humanista e

científica, de alta calidade, orientada ao pleno desenvolvemento da personalidade, o fomento dos hábitos intelectuais, traballo en equipo e espírito crítico e democrático.

ñ) E todos aqueles outros non recollidos nos presentes estatutos e que sexan conformes á lei.

2. Para o cumprimento destes fins realizaranse todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudo, e reunións con todos os sectores da comunidade educativa; e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

CAPÍTULO III

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º. 1. Poderán ser integrantes da asociación, tralo acordo do seu órgano competente, todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar que reúnan os seguintes requisitos:

a.- ter os fillos ou fillas matriculados no CEIP San Martiño, ou ser titores dos mesmos.

b.- non ter débedas pendentes coa asociación.

[eliminación do punto 2, que pasa a ter o contido do antigo punto 3]

2. Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º. Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

a) Fundadores: aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.

b) Numerarios: aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.

c) Honorarios: aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden dun xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

[eliminación do apartado d): socios infantís]

Artigo 8º. 1 A condición de socio pérdese:

a) Por vontade propia, previa petición de baixa por parte do interesado.

b) Por baixa dos fillos ou tutelados do centro.

c) Por falecemento.

d) Por falta inxustificada do pago das cotas establecidas.

e) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, ou pola utilización da asociación para fins alleos especificados nos Estatutos da mesma; logo de expediente disciplinario con audiencia ao interesado.

2. A expulsión dos asociados nos supostos dos apartados d) e e) do parágrafo anterior será acordada pola Xunta Directiva logo da audiencia ao interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estea a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retardo no pago das cotas, ou por incumprimento que afecte a algún dos fins da asociación.

Artigo 9º. Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

a) participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos; podendo gozar dos servizos que se poidan establecer en beneficio dos socios.

b) ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento

da súa actividade.

c) ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.

d) impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta; estarán facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz pero sen voto.

Artigo 10º. Serán obrigas dos asociados e asociadas:

a) compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.

b) pagar as cotas que se establezan.

c) desempeñar os cargos para os que foron elixidos.

d) acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

e) acatar o contido dos Estatutos.

d) ter unha boa conduta individual e cívica.

CAPÍTULO IV

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º. A dirección e administración da asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º. 1. O Presidente da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados, e o seu mandato durará tres anos. Será asistido nas súas funcións

por un Vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- O Presidente terá as seguintes atribucións:

a) Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.

b) convocar e presidir as sesión que celebre a Xunta Directiva, presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra; e decidir con voto de calidade no caso de empate.

c) executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

d) ordenar os pagamentos acordados validamente.

e) asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º. 1. A Xunta Directiva estará formada polo Presidente da asociación, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vocais.

2. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3. A elección da Xunta Directiva farase pola Asemblea Xeral entre as candidaturas pechadas que cumpran os esixibles en tempo e forma e recollidos no presente Estatuto. Os seus cargos terán unha duración de tres anos, e poderán ser reelixidos noutras votacións a tal fin.

As candidaturas á Xunta Directiva presentaranse por escrito dirixido ao Secretario da Asociación dende a data da convocatoria da Asemblea Extraordinaria e ata o día e hora das votacións.

O procedemento de elección será o seguinte:

a) presentación de candidaturas ata o momento da Asemblea na que se farán as votacións para a elección.

b) cada candidatura disporá dun máximo de 10 minutos para a súa presentación aos asociados, decidindo a orde de intervencións nun sorteo previo.

c) as votacións faranse polo procedemento de voto secreto en urna.

d) cada socio con dereito a voto, previa presentación da súa identificación, depositará o seu voto na urna elixindo unha das candidaturas.

e) o Secretario, en presenza dos candidatos e todos os socios que o desexen, fará o recuento de votos unha vez finalizada a votación. No caso de empate a votos, procederase a unha segunda rolda de votacións para decidir só entre as candidaturas empatadas con maior número de votos.

f) proclamarase vencedora a lista máis votada; e, por conseguinte, quedarán investidos todos os seus membros como nova Xunta Directiva.

g) de non terse presentado ningunha candidatura ata o momento do comezo da sesión de votacións, a Asemblea Xeral poderá nomear un Presidente que quedará facultado para elixir o resto de cargos entre os socios.

4. Os cargos cesarán na súa función por:

a) falecemento da persoa física.

b) renuncia voluntaria.

c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.

d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non darán lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos

membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente por un dos vocais ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral, onde se poderá incluír un novo membro da Xunta Directiva en substitución do cargo vacante, sempre e cando sexa ratificado pola Asemblea. A duración do cargo do substituto será polo tempo que reste de mandado á Xunta Directiva. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

Artigo 14º. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado das contas do ano anterior.
- d) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
- e) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación das cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
- f) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- h) Resolver as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- i) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- l) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
- m) Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 15º. 1. A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou persoa que o substitúa. **No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.**

O Secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 16º. Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte de ditas Comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes.

Artigo 17º. A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación, e estará formada por todos os integrantes desta. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán o Presidente e o Secretario da Xunta Directiva.

Artigo 18º. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19º. A Asemblea Xeral reunirase necesariamente no período que vai dende o mes de setembro ata o de xuño. **A Asembleas serán convocadas polo Presidente da Xunta Directiva, a Ordinaria con 15 días de antelación e Extraordinaria con 7 días de antelación.**

A notificación farase nos locais da asociación **e no enderezo que os socios faciliten ao efecto (postal ou de correo electrónico) tanto para as Asembleas ordinarias como para as** extraordinarias.

Artigo 20º. **1. Todos os socios terán voz nas deliberacións da Asemblea Xeral, máis só se emitirá un voto por cota.**

2. Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar o Plan de Actividades.
- b) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- c) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- d) Exame e aprobación das cotas **ordinarias e extraordinarias de socio.**

Artigo 21º. Serán competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os Estatutos da Asociación.
- b) Elixir e cesar os membros da Xunta Directiva.
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
- d) Autorizar o alleamento, gravame, ou hipoteca dos bens sociais.
- e) Acordar a disolución da Asociación.
- f) Designar aos liquidadores.
- g) Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- h) aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- i) As que, sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

l) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 22º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria con calquera número de asistentes; pero, en todo caso, coa presenza do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 23º. Os acordos da **Asemblea Xeral** deberán selo polo voto afirmativo da

maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados **a)** **a f)** do artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación, levaranse os acordos ao libro de actas, e asinarao o Presidente e o Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 24º. 1. As sesións da Asemblea Xeral abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente, procederase por parte do Secretario á lectura da acta a asemblea anterior, que deberá ser aprobada.

2. Posteriormente, o Secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

3. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes.

Artigo 25º. Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en Reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do Recurso de Reposición quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 26º. 1. O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do Presidente. O Secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido a ese efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do Secretario, o Presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 27º. 1. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, levará a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da Asociación, así como as contas de resultados e balances.

2. O Tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 16 de agosto, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 28º. Os vocais terán as seguintes atribucións: realizar programas e propostas na súa área de actuación e desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º. 1.- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispoñía dun patrimonio de 2.605 euros. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se logren pola realización dos fins sociais.

2. O exercicio económico coincidirá co curso escolar, e irá dende o 1 de setembro ata o 31 de agosto do ano seguinte.

2. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins sociais, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. [antigo artigo 5,2 último parágrafo]

Artigo 30º. A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador do orzamento serán elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de setembro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado en Xunta Xeral Ordinaria.

Artigo 31º. A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas dos asociados e asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos, entidades privadas ou particulares.

d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.

e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32º. A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias, que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 33º. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición dos asociados e asociadas durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34º. Para a disposición de fondos de contas que a Asociación teña nas entidades bancarias, será necesaria a sinatura de Presidente, Vicepresidente e Tesoureiro, os cales actuarán de xeito mancomunado, e sendo suficiente a sinatura de dous deles para a realización de operacións.

Artigo 35º. Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados e asociadas os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO VI

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36º. O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes Estatutos, como o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VII

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 37º. Os presentes Estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asistentes. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38º. A Asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polos 2/3 dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto.

Artigo 39º. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto ao Presidente e o Tesoureiro procederán para efectuar a liquidación os bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 40º. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia que teña iguais ou similares fins que os desta Asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.